



concello de
agolada

Tel: 986 788 862/863
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DONA MARIA CRESPO VARELA, SECRETARIA – INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día vinte catro de maio de dous mil dezaseis tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24 DE MAIO DE 2016.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as trece horas do día vinte catro de maio de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, don Alberto Vilariño Coego e don Juan Manuel Ramos Buján, asistidos do Sra. Secretaria accidental da Corporación, dona María Crespo Varela, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudio dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de maio de dous mil dezaseis.

**2.- LICENCIAS DE OBRA
NON HAI LICENCIAS.**

3.- BENEFICIARIOS DE ALTA, HORAS ADXUDICADAS E EMPREGADAS APTAS PARA CADA SERVIZOS DE SAF/ DEPENDENCIA.

Dase conta da documentación presentada pola traballadora social de servizos comunitarios e responsable do programa de DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR do Concello de Agolada, D. Carmen Ansedes López, sobre os beneficiarios de alta, horas adxudicadas e empregadas aptas para cada servizo:



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



22

SEMANA 21- do 23 ó 28 de maio de 2016.

706 h/semana S.A.F. BÁSICO

1.322 h/semana S.A.F. DEPENDENCIA

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLE PARA VEHÍCULOS MUNICIPAIS E CALEFACCIÓN EDIFICIOS MUNICIPAIS.

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante resolución do 23 de maio de 2016 e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte informe, con base nos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. O día 23 de maio de 2016, o Sr. Alcalde detectou a necesidade de realizar a contratación da subministración de combustible para os vehículos e maquinaria municipal e calefacción de edificios municipais

SEGUNDO. Dada a característica da subministración polo Sr. Alcalde considérase que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

TERCEIRO. O día 23 de maio de 2016, foi emitido un informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

CUARTO. O día 23 de maio de 2016, foi emitido un informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

QUINTO. Por resolución da Alcaldía do 23 de maio de 2016 aprobouse iniciar o expediente para a dita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



5

SEXTO. O día 23 de maio de 2016 redactouse a achegouse ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerá a adxudicación do contrato.

Por todo isto, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da subministración de combustible para os vehículos e maquinaria municipal e calefacción de edificios municipais.

SEGUNDO. Autorizar, en contía de 50.000 euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación da subministración de combustible para os vehículos e maquinaria municipal e calefacción de edificios municipais por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 2016.172.221 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2016.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán o contrato de subministración de combustible para os vehículos e maquinaria municipal e calefacción de edificios municipais por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Que o órgano de contratación solicite ofertas, polo menos, a tres empresas.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.



concello de
agolada

Tel: 986 783 962/063
Fax: 986 783 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



5.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN CENTRO SOCIAL E TERCEIRA IDADE DE AGOLADA.

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Resolución de data 20 de maio de 2016, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réximen xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte informe con base nos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMERO. Con data 20 de maio de 2016, emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

SEGUNDO. Con data 20 de maio de 2016, redactouse o Priego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Por todo elo, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda o seguinte:

PRIMERO. Aprobar o expediente de contratación para a explotación do servizo do bar do Centro Social e da Terceira Idade de este Concello, mediante procedemento aberto, oferta máis ventaxosa, varios criterios de adxudicación, tramitación urgente, convocando a súa licitación.

TERCERO. Aprobar o Priego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexirán o contrato de explotación por procedemento aberto, oferta economicamente máis ventaxosa, varios criterios de adxudicación, tramitación urgente.

CUARTO. Publicar no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e no Perfil do Contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de oito días naturais poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil do Contratante, cunha antelación mínima de catro días con respecto á reunión que deba celebrarse para a calificación da documentación referida no artigo 146.1 do



concello de
agolada

Tel: 986 788 662/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



23

Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

6.- PLAN COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2016.

Vistas as bases da convocatoria do Plan de Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade adopta o seguinte acordo:

1. Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que se inclúen nela.
2. Adherirse ó Plan de Cofinanciamento do Servizos Sociais Comunitario Municipais da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2016, de acordo coas bases establecidas na convocatoria e solicitando as cantidades reflectadas no "Proxecto Descritivo de Servizos Sociais Comunitarios Municipais" que se achega.
3. Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do Plan e contemplar coa súa achega económica os módulos que se financiarán.
4. Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación en todas as comunicación coas que se dea coñecer a realización de actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou por Internet. Comprométese a situar nun lugar visible do propio centro de servizos sociais comunitarios municipais un cartel informativo que faga constar o cofinanciamento da Deputación e a proporcionarlle ó persoal contratado para o servizos de axuda no fogar (sexa persoal propio ou por contratación de empresa) as tarxetas identificativas do servizo subvencionado.
5. Facultar expresamente o alcalde ou representante da Entidad local para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e do expediente correspondente



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



26

7.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

NON HAI ESCRITOS

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde – Presidente accidental levántese a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde – Presidente, en Agolada a vinte e catro de maio de dous mil dezaseis.

Vº.Bº. O Alcalde,

A secretaria accidental,